

PROTOCOLO DE APERTURA, PECHE E CONTROL DAS AULAS

[Aprobado en reunión de CCP de 23/10/2018]

[Modificado en reunión de CCP de 9/12/2019]

Ao acabar a clase:

1. O ordenador e o canón deixaranse apagados sempre.
2. As aulas quedarán pechadas (ventás e porta) ao saír cando hai cambios de aula de todo o alumnado.
3. A aula quedará pechada antes dos recreos. Á volta abre o profesor/a.
4. Se a aula ten ventás de pechadura, o profesor/a que as abre debe encargarse de que queden pechadas.
5. Normas de apertura e peche de aulas cando ao alumnado teña clase nunha aula específica :
 - a. Se a clase é inmediatamente antes do recreo, o profesorado que estea nese corredor debe abrir as aulas, pero é o profesor/a de aula o responsable de pechala.
 - b. Se a clase é inmediatamente despois do recreo, o profesorado que teña clase nese corredor abrirá as portas que estean pechadas para evitar a acumulación de alumnado, cos riscos que iso implica, permitindo coller o material para a clase. O profesorado de garda será o encargado de pechar as portas cando faga o percorrido polos corredores.
 - c. No caso do profesorado de EF que inmediatamente despois da clase teña garda de ximnasio, non terá que ir pechar a aula, e será o profesorado de garda de recreo o encargado do peche.
6. O profesorado de garda de todas as horas deberá comprobar que as aulas que están baleiras estean pechadas.
7. Se o alumnado ten dúas horas de clase seguidas fóra da súa aula de referencia, deberá levar xa o material para as dúas, e baixo ningún concepto pasará xa pola aula de referencia.
8. O profesorado que teña clase nas horas inmediatamente antes dos recreos, prégase que colabore no peche de portas a medida que vai avanzando nos corredores cara a fóra.
9. Baixo ningunha circunstancia se lle deixará ó alumnado, en ningún momento, ningunha chave por parte do profesorado.
10. Non pode haber alumnado só en ningunha aula (gardas, recreos...) sen un profesor a cargo.